



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E O GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES, PARA A ORGANIZACIÓN DO XXIX PREMIO INTERNACIONAL "GRUPO COMPOSTELA – XUNTA DE GALICIA", RELACIONADO CON ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN, ESTUDO E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E UNIVERSITARIO**

---

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2025

**COMPARECEN**

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Dna. María Teresa Carballeira Rivera, secretaria executiva da asociación Grupo Compostela de Universidades, en virtude da competencia outorgada polo Comité Executivo da asociación o 2 de febreiro de 2017 e ratificación do posto por parte do Consello xeral da asociación na súa reunión celebrada na Universidade de Salamanca o 6 de setembro de 2018.

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

**MANIFESTAN**

**Primeiro**

Que a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE do 28 de abril de 1981), que aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, establece, no seu artigo 31, a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia na regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.



## **Segundo**

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no ámbito das súas competencias, está interesada en potenciar o desenvolvemento de actividades relacionadas con estudos e investigacións, así como a orientación, promoción, difusión e información do Sistema universitario de Galicia, que sexan desenvolvidas por entidades públicas ou privadas, tanto a nivel nacional como internacional, e especialmente europeo tendo en conta a relevancia e interese social das mesmas.

## **Terceiro**

A través do presente convenio concederáse unha subvención nominativa a favor do Grupo Compostela de Universidades, prevista nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, nos termos recollidos no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia así como do artigo 36 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que xustifica a imposibilidade de promover a concorrencia pública.

## **Cuarto**

Que o Grupo Compostela de Universidades é unha asociación sen ánimo de lucro que integra a unha gran diversidade de universidades de toda Europa, nas que están incluídas as tres que conforman o Sistema universitario de Galicia. A dita asociación ten por obxectivos primordiais:

1. O fortalecemento das canles de comunicación entre as universidades adscritas á asociación
2. A organización de programas e actividades que teñen por finalidade o estudo e debate en cuestións de índole europea
3. O fomento da mobilidade e o intercambio de información, como base para o coñecemento das diversas formas culturais

## **Quinto**

Ambas as dúas partes teñen a vontade de establecer vías de colaboración tendentes á elaboración e realización de actividades e programas específicos de interese común.



## Sexto

Todas estas circunstancias motivan unha especial atención por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a colaborar co Grupo Compostela de Universidades na realización de actividades encamiñadas á internacionalización do Sistema universitario de Galicia e ao recoñecemento da excelencia universitaria, e a tal efecto,

## CONVEÑEN

### **Primeiro. Obxecto do convenio.**

É obxecto do presente convenio de colaboración establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Grupo Compostela de Universidades para a organización do XXIX Premio Internacional "Grupo Compostela – Xunta de Galicia" correspondente ao ano 2025. O dito premio está dedicado especialmente a valorar ás persoas ou institucións significadas polo seu traballo, estudos, investigación e divulgacións en prol da unidade europea ou a preservación do patrimonio cultural do noso continente.

Dado que o Grupo Compostela de Universidades é o único que pode desenvolver esta acción, non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública.

Por todo o anterior e para dar cumprimento ao establecido nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, no que se recolle unha subvención a favor da Asociación Grupo Compostela de Universidades, é polo que se tramita este convenio coa dita asociación que posúe a especificidade como beneficiaria así como a actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

### **Segundo. Obrigas do Grupo Compostela de Universidades.**

Son obrigas do Grupo Compostela de Universidades a organización do acto de entrega do Premio, o que inclúe tamén as reunións previas do xurado, así como dirixir, organizar ou participar en actos públicos como conferencias, foros, seminarios, cursos, ou similares que



teñan por obxectivo a divulgación do Premio, usando para estes fins as súas instalacións, medios materiais e recursos humanos.

### **Terceiro. Obrigas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**

Son obrigas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional as seguintes accións:

- Formar parte do xurado encargado de estudar as candidaturas presentadas para a súa concorrencia no XXIX Premio Internacional "Grupo Compostela-Xunta de Galicia", representada a través do presidente da Xunta de Galicia (membro honorífico do xurado), do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (presidente do xurado) e dous representantes máis que actúen como vogais.

- Financiar parte dos gastos correntes e de funcionamento necesarios para este fin. A dotación para o exercicio 2025 establécese en doce mil seiscientos dez euros (12.610,00€).

### **Cuarto. Financiamento.**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aportará a cantidade de doce mil seiscientos dez euros (12.610,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.422C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. O custo previsto destas accións ascende a vinte e un mil euros (21.000,00€) coa seguinte distribución:

<b>ASIGNACIÓN AO/Á GAÑADOR/A</b>	
Contía económica do premio	6.000,00 €
Galardón en ouro	4.200,00 €
<b>ACTOS CO GAÑADOR/A</b>	
Cerimonia de entrega do premio	6.000,00 €
Placa conmemorativa a universidade anfitrioa	250,00 €
Participación do galardoado e autoridades na cerimonia (viaxe e aloxamento)	1.900,00 €
Transporte local	250,00 €
Aloxamento membros do xurado e autoridades	1.100,00 €
<b>RECURSOS HUMANOS</b>	
	1.000,00 €



<b>PROXECCIÓN DO PREMIO NO ESTRANXEIRO</b>	
Deseño de material gráfico, diploma e material dixital	150,00 €
Agasallos corporativos	150,00 €
<b>TOTAL GASTOS XXIX PREMIO INTERNACIONAL GRUPO COMPOSTELA – XUNTA DE GALICIA</b>	<b>21.000,00 €</b>

#### **Quinto. Compatibilidade de outras axudas e/ou subvencións.**

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que puidera obter o beneficiario procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o Grupo Compostela de Universidades.

#### **Sexto. Gastos subvencionables.**

Con carácter xeral e de conformidade co artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do obxecto subvencionado a través deste convenio e que se realicen entre o 1 de xaneiro e ata o 31 de decembro de 2025

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 28 de novembro de 2025.

Poderán financiarse con cargo a este convenio os gastos de persoal necesarios para a execución das ditas actividades, concretamente os derivados dos custos do persoal destinado á execución directa das actividades descritas na cláusula segunda. Non serán subvencionables os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.



## Sétimo. Xustificación

1. A achega da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional será librada nunha conta corrente da que sexa titular o Grupo Compostela de Universidades, previa presentación da xustificación das actividades realizadas, mediante a achega da seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades subvencionadas a través do presente convenio.
- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades, que conterá:
  - 1) Unha relación clasificada dos gastos de cada actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, data de emisión e no seu caso, data de pago de cada unha delas.
  - 2) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no número ordinal anterior e a documentación acreditativa do pago.
- c) Unha certificación expedida pola secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, da realización das actividades subvencionadas a través deste convenio e o gasto derivado delas.
- d) Unha declaración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.
- e) Unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A documentación xustificativa prevista nesta cláusula deberá remitirse o 28 de novembro de 2025, data límite de xustificación.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación dos



respectivos gastos. Ademais, o asinante facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### **Oitavo. Pagamento.**

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria, segundo o establecido no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. No caso de que o custo final fora inferior a 21.000,00€, a achega da consellería diminuiríase proporcionalmente.

#### **Noveno. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.**

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Grupo Compostela de Universidades consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que puideran facer os peticionarios no senso de non autorizar a obtención dos datos ou á publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións e outras axudas públicas.



Así mesmo, estarase ao disposto nos artigos 4 e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a obriga específica de subministración de información e as obrigas específicas de información sobre convenios.

#### **Décimo. Natureza e réxime xurídicos.**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurridas da aplicación do presente convenio e non solventadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

#### **Décimo primeiro. Inexistencia de relación laboral.**

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do dito convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir á consellería ningunha responsabilidade, nin indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **Décimo segundo. Comisión de seguimento.**

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, crearase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous representantes da Consellería (un dos cales actuará como presidente) e dous representantes do Grupo Compostela de Universidades.

As cuestións non resoltas no seo da comisión mixta de seguimento e control se resolverán na forma establecida pola xurisdicción contencioso-administrativa.

Así mesmo, a comisión mixta desenvolverá un marco de negociación de indicadores de seguimento e impacto desta acción que serán de aplicación nos convenios que se asinen en exercicios sucesivos.



### **Décimo terceiro. Modificación e causas de resolución do convenio.**

Calquera modificación que as partes acordem realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se acordara a prórroga do mesmo
- b) O acordo unánime das partes
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polas partes
- d) Por decisión xudicial de nulidade
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis.

### **Décimo cuarto. Réxime de incumprimentos**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concurran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



### **Décimo quinto. Cláusula de protección de datos persoais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

### **Décimo sexto. Vixencia do convenio.**

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

María Teresa Carballeira Rivera

A secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades